

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE MAIO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de maio de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta accidental, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández.

Non asiste:

D. Antón Sánchez García (BNG)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutierrez Ortiz
A secretaria xeral: D.^a M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 27 DE MARZO, 15 E 18 DE MAIO DE 2008.**
- 2.- APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE, DO ESTUDIO DE DETALLE PROMOVIDO POR INMOBILIARIA MERIDIONAL GALLEGA, DUNHA PARCELA SITA NO LUGAR DO VILAR, PARROQUIA DE GUÍSAMO.**
- 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA NOMEADA “REPARACIÓN DE PRAZA EN O CAÑO”.**

4.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 261/2008, DE 22 DE ABRIL, EN RELACIÓN A ÁCHEGA ECONÓMICA MUNICIPAL DA OBRA “BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR”.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 224/2008, DE 7 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

7.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO AO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL GDR 29. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

8.- ASUNTOS URXENTES

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 27 DE MARZO, 15 E 18 DE MAIO DE 2008.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 27 de marzo e 15 e 18 de maio de 2008. A Sra. alcaldesa accidental pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non formulándose, apróbanse por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE, DO ESTUDIO DE DETALLE PROMOVIDO POR INMOBILIARIA MERIDIONAL GALLEGA, DUNHA PARCELA SITA NO LUGAR DO VILAR, PARROQUIA DE GUÍSAMO.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Por Resolución da Alcaldía núm. 109/2008, do día 18/02/2008, aprobouse INICIALMENTE o Estudio de detalle promovido por Inmobiliaria Meridional Gallega, representada por D. Javier Ares Fernández que ten por obxecto “ordenar volumes no ámbito do solo urbano da parcela denominada Penas do Vilar” sita no lugar do Vilar, parroquia de Guísamo.

A dita finca ten unha superficie de 3.578 m2 segundo a escritura de Compra-venda outorgadas perante o notario D. Juan Cora Guerreiro, con núm. de protocolo 115, de data 16 de xaneiro de 2007 e de 4134 m2 segundo o levantamento taquimétrico redactado por D. Pablo López Vidal, Técnico Superior proxectista en operacións topográficas, colexiado núm. 906.

Sometido o expediente a información pública, de acordo co previsto no art. 86.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGa), non se produciron reclamacións segundo se acredita na certificación da Secretaría que consta no mesmo.

En consonancia co exposto, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar DEFINITIVAMENTE o Estudio de Detalle promovido por Inmobiliaria Meridional Gallega, representada por D. Javier Ares Fernández para “ordenar volumes no ámbito do solo urbano da parcela denominada Penas do Vilar” sita no lugar do Vilar, parroquia de Guísamo.

SEGUNDO: Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, e se notifique aos interesados co sinalamento dos recursos procedentes.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de acordo co previsto no art. 92 da LOUGa.

Non obstante ao anterior, o Pleno Municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 28 de marzo de 2008=O alcalde en funcións (Decreto núm. 175/2008)=José M. Francisco Mata Buyo”

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e manifesta: insistir en que teño dúbidas de que sexa solo urbano consolidado, que se esta a confundir o solo núcleo rural con solo urbano, e, polo tanto, anuncio o meu voto en contra desta aprobación.

Sra. alcaldesa accidental: en todo caso a Xunta emitirá algún informe, se o considera así conveniente.

A continuación procedese á **votación da proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto en contra.

Total: dez (10) votos a favor e un (1) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa accidental declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA NOMEADA “REPARACIÓN DE PRAZA EN O CAÑO”.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Este Concello pretende realiza-las obras de reparación e mellora do contorno da praza en O Caño, na parroquia de Bergondo, polo que se solicitou a redacción do correspondente proxecto nomeado “Reparación de Praza en Ocaño”, cun orzamento de 31.092,26 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños don Ángel Delgado Cid, con núm. de colexiado 4657.

Consta no expediente o informe do arquitecto técnico municipal en relación co citado proxecto, emitido o día 14 de marzo de 2008 no que fai constar, entre outros, que "**non se observan afeccións competencia doutros organismos**".

De acordo co exposto, propónse ó Pleno que, unha vez examinada a documentación que consta no expediente, e, en consonancia cos informes favorables do técnico municipal e da intervención, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobalo proxecto nomeado "Reparación de Praza en O Caño", cun orzamento de 31.092,26 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños don Ángel Delgado Cid, con núm. de colexiado 4657

Segundo.- Que consta consignación orzamentaria suficiente na partida 432/611.04 para sufragala obra.

Terceiro.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.

Cuarto.- Comunicalo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formalizala acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.

Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 19 de maio de 2008=A Alcaldesa accidental=Alejandra Pérez Máquez"

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: soamente recordar que, para os metros de praza que son, algunhas das partidas do proxecto, como é a do rego, poderíanse cambiar por mais bancos ou outro mobiliario urbano; nós imos votar a favor pero si nos gustarían que contasen con esa idea.

Sra. alcaldesa accidental: o teremos en consideración; para proxectos futuros estudarase esa medida.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos doce que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 261/2008, DE 22 DE ABRIL, EN RELACIÓN A ÁCHEGA ECONÓMICA MUNICIPAL DA OBRA "BEIRRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR".

Dáse conta do decreto de Alcaldía núm. 261/2008, de 22 de abril, informado favorablemente para a súa ratificación pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrito literalmente di:

"Este concello remitiulle á Deputación provincial unha certificación do acordo do Pleno que tivo lugar en sesión data 31/01/08, referente á substitución da obra, incluída no Plan de Cooperación provincial 2007 dese Organismo, "Praza pública en San Fiz de Vixoi", cun presuposto de 203.359,22 euros, pola denominada "Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir", cun presuposto de 213.715,41 euros, que figuraba no Plan complementario ó PCP 2007.

A Deputación provincial enviounos un escrito, recibido no día de onte e rexistrado co núm. 2294, no que solicita que este concello lle remita o compromiso de gasto da achega municipal para a obra "Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir ,

No expediente consta o informe da Intervención municipal de data 14 de marzo de 2008, no que certifica a existencia de consignación suficiente para facer fronte á contía que ten que asumir o concello para a obra "Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir" .

Tendo en conta todo o exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro: *Manifestar expresamente que constan incluídos no vixente orzamento municipal de 2008, os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal da obra “Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir”, que ten un presuposto de contrata de 213.715,41 euros, sendo a aportación da Deputación de 203.359,22 euros, e por conta deste concello 10.356,19 euros.*

Segundo: *Remitir certificación deste decreto á Deputación provincial.*

Terceiro: *Dar conta ó Pleno, para a súa ratificación, na vindeira sesión que se realice.*

Bergondo, 22 de abril de 2008 =O alcalde en funcións (Decreto núm.175/2008)=José M. Francisco Mata Buyo”

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: por suposto que imos aprobar esta proposta, pero queríamos recalcar dúas cousas; a primeira que, se poden, aínda están a tempo de incluír neste proxecto as medidas de seguridade vial que pedíamos, e que rexeitou parte do Pleno; e a segunda é, que aos veciños de Vixoi non se lles esqueza que estes cartos veñen de alí, e que tamén teñen dereito a ter a súa praza no futuro.

Toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel e di: as medidas de seguridade das que vostede fala non son para esa zona, esa zona esta moito mais arriba das medidas de seguridade que vostede pediu; a gardería e a igrexa están aproximada a seiscentos ou setecentos metros desta área que se está realizando.

Sra. alcaldesa accidental: xa dixen na Comisión que esta obra substituía á da praza en Vixoi, pero que, non queda no olvido o seguir loitando por facela

Os/as asistentes, despois da correspondente deliberación, ratifican o Decreto antes transcrito.

5.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Vistos os documentos que integran o expediente, facturas expedidas polas empresas Cerceda, S.A., María Dolores Villar Pispieiro, Editorial Everest, S.A., Aracnosoft, S.L.U., Diego Vázquez Camino (MRW), Emilio Regueira Freire, Buroplanet, S.L., Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A., La Opinión de La Coruña, S.L.U., José Ramón Rioboo Castro (El Entorno Metropolitano), Editorial La Capital, S.L., Todo Deporte, S.L., Antonia López Carballeira, M^a Belén Buyo Mellid (panadería O Buyo), correspondentes a gastos realizados no exercicio económico de 2007, e existindo neste exercicio de 2008, crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas.

Tendo en conta que na tramitación deste expediente cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (art. 60 do Real-Decreto 500/90, de 20 de Abril, o art. 50 do Real-Decreto 2.568/86, de 28 de Novembro) e visto o informe da Intervención municipal, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de 11.686,80 euros, correspondente a gastos encargados e realizados en exercicios pechados, pero que ó non aprobarse e imputarse ó exercicio ó que correspondían, exercicio 2007, teñen que ser obxecto de recoñecemento extraxudicial de crédito, para a súa aprobación e imputación ó exercicio económico de 2008, conforme ó seguinte detalle:

TERCEIRO	CIF/NIF	Nº FACTURA	DATA	CONTÍA	DESCRIPCIÓN
Cerceda, S.A.	A15131279	1120	18/12/07	2.091,53	Gasoleo automoción
Cerceda, S.A.	A 15131279	1085	03/12/07	3.700,00	Gasóleo bonificado
María Dolores Villar Pispieiro	32398763C	187/07	27/12/07	619,18	Recurso de apelación, nº 4389/07
Editorial Everest, S.A.	A28399970	G 7427	26/12/07	8,99	Adquisición de libros para o Nadal
Aracnosoft, S.L.U.	B15677008	01844/07	31/12/07	52,20	Horas de servizo técnico e desprazamento
Diego Vázquez Camino (MRW)	53300981E	4.348/A	31/12/07	10,60	Puente provincial
Emilio Regueira Freire	76474442V	1/2008	21/12/07	960,00	Aperitivos para convidar ó persoal con motivo da celebración das festas do Nadal
Buroplanet, S.L.	B70065131	7003094	17/12/07	1.589,78	Material de oficina
Buroplanet, S.L.	B70065131	7003010	05/12/07	101,36	GBC Caja 100 Espir. Met. 24 mm NG 905124
Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A.	A15352735	070230	31/12/07	233,58	Material subministrado en Decembro de 2007
La Opinión de La Coruña, S.L.U.	B35074681	A4490	31/12/07	341,04	7006 CONCELLO DE BERGONDO
José Ramón Rioboo Castro (El Entorno Metropolitano)	34893864N	107/129	20/12/07	1.044,00	Anuncio actividades Nadal 2007/2008
Editorial La Capital, S.L. (El Ideal Gallego)	B15162068	P-721883	31/12/07	243,60	Concello Bergondo Navidad 07 Concello Bergondo Fin de Año 07
Editorial La Capital, S.L. (DXT Deporte Campeón)	B15162068	P-722131	30/12/07	69,60	Concello Bergondo Fin de año 07-DXT

TERCEIRO	CIF/NIF	Nº FACTURA	DATA	CONTÍA	DESCRIPCIÓN
Todo Deporte, S.L.	B15036411	CE-000350	18/01/08	157,50	Balóns V1. 06 Fútbol Sala
Antonia López Carballeira	76308190D	7029	16/09/07	255,84	Empanadas Variadas para a V Festa da empanada
Mª Belén Buyo Mellid (panadería O Buyo)	32779459C	19	11/03/08	208,00	Empanadas mixtas
			TOTAL	11.686,80	

2º) *Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo á partida orzamentaria 121/221.03 pola contía de 5.791,53 euros, con cargo á partida orzamentaria 121/226.03 pola contía de 619,18 euros, con cargo á partida orzamentaria 451/226.07 pola contía de 1.830,03 euros, con cargo á partida orzamentaria 121/216.00 pola contía de 52,20 euros, con cargo á partida orzamentaria 121/223.09 pola contía de 10,60 euros, con cargo á partida orzamentaria 111/226.01 pola contía de 1.301,04 euros, con cargo á partida orzamentaria 121/220.00 pola contía de 1.691,14 euros, con cargo á partida orzamentaria 511/210.00 pola contía de 233,58 euros, e á partida orzamentaria 452/226.09 pola contía de 157,50 euros do exercicio corrente, por existir crédito dispoñible non comprometido para o recoñecemento extraxudicial de facturas correspondentes ó ano 2007, sen menoscabo do funcionamento dos Servizos neste exercicio.*

3º) *Que a aprobación deste gasto dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.=Bergondo, 19 de maio de 2008=A Alcaldesa accidental=Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos doce que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

6.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 224/2008, DE 7 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

Dáse conta do decreto de Alcaldía núm. 224/2008, de 7 de abril, informado favorablemente para a súa ratificación pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrito literalmente di:

“1º) Que a Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística (INE) remitiunos un escrito con data 01/04/09 e núm.1695 de Rexistro xeral de entrada, no que comunica, entre outros, que o concello dispón ata o vindeiro 10 de abril para enviarlles un oficio no que se especifique a cifra de poboación resultante da revisión realizada por ese concello xunto co ficheiro C15008AI.008, copia do Padrón completo a 1 de xaneiro de 2008, segundo o disposto no apartado IV da Resolución de 25 de outubro de 2005, da Presidenta do INE e do Director xeral de Cooperación Local, pola que se ditan instrucións técnicas ós concellos sobre a revisión anual do Padrón municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

2º) Así mesmo os art.81,82 e 83 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial vixente, recollen os trámites a seguir para a revisión do Padrón municipal de habitantes, esixindo no art.81 a aprobación polos concellos dos seus padróns municipais.

Igualmente a Resolución de 25 de outubro de 2005 antes citada, publicada no BOE de data 23/11/05, , refírese expresamente no apartado I ó citado art.81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.

3º) A funcionaria encargada da xestión do Servizo do Padrón municipal deste concello, emitiu, con data 04/04/08, un informe favorable.

En base ó exposto,

R E S O L V O :

- Primeiro: Aproba-la revisión do Padrón municipal de habitantes deste concello, referida ó 1 de xaneiro de 2008, cunha cifra de poboación de 6696 habitantes.
- Segundo: Remitir ó INE unha certificación do presente decreto, así como o ficheiro “C15008AI.008” que contén copia do padrón completo a 1 de xaneiro de 2008.
- Terceiro: Dar conta ó Pleno para a súa ratificación se procede.

Bergondo, 7 de abril de 2008= O alcalde en funcións=(Decreto núm. 175/2008) José M. Francisco Mata Buyo”

Os/as asistentes, despois da correspondente deliberación, ratifican o Decreto antes transcrito.

7.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO AO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL GDR 29. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“A Consellaría do Medio Rural ten elaborado o “Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza 2007-2013”. O PDR contempla as actuacións en materia de desenvolvemento rural, cofinanciadas con fondos europeos, coas que pretende realizar un esforzo que permita acadar un medio rural sólido e viábel no horizonte do 2013.

O programa Leader é un dos catro eixes estratéxicos destas actuacións xunto coa mellora da viabilidade dos sectores agrario e forestal, a defensa do medio ambiente e a diversificación da economía e a mellora da calidade de vida no rural.

O enfoque LEADER parte de enfoque “abaixo cara a arriba”, onde a estratexia de desenvolvemento realizase dende ó ámbito local e a capacidade de decisión reside na unión de axentes locais (Públicos e Privados) que desenvolven proxectos tratando de implicar ós diferentes sectores do territorio, fomentando a cooperación e o traballo en rede e incorporando a innovación ó traballo.

O programa Leader deseñarase e executarase polos Grupos de Desenvolvemento Rural, chamado no período anterior Grupos de Acción Local. Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro constituída polos concellos e tódalas entidades do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medioambiental ou profesional que desexen implicarse no programa Leader do seu territorio. Neste período primará o principio de “portas abertas” e poderán participar concellos, asociacións, cooperativas, comunidades de montes veciñais, organizacións agrarias, etc., agás as persoas físicas e empresas que si poderán ter representación nas asociacións. Nos órganos de decisión dos GDR os representantes do sector privado terán que ser maioría.

No programa LEADER 2007-2013 a Consellaría do Medio Rural elaborou un novo mapa territorial para os Grupos de Desenvolvemento Rural, e o noso territorio encádrase no Grupo de Desenvolvemento Rural 29, que abarca os municipios de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coiros, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

Para isto é necesario conformar un novo Grupo de Desenvolvemento Rural no que participen todas as asociacións interesadas do territorio e os Concellos. Polo tanto, se PROPÓN a aprobación da adhesión do Concello de Bergondo como socio do Grupo de Desenvolvemento Rural GDR, 29, que terá forma de Asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de Asociacións de Galiza. Bergondo, a 19 de maio de 2008=A alcaldesa accidental=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos doce que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

8.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa accidental, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentaron

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa accidental, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 17 de marzo ata o 23 de maio de 2008, numerados do 175/2008 ao 338/2008. O Pleno queda enterado.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dáse conta dos rogos e preguntas presentadas para este Pleno, polos Sres. voceiros dos grupos municipais.

O Grupo do Partido Popular, presentou os seus rogos e preguntas o día 27 de maio, R.X. Entrada núms. 2949 e 2950, son os seguintes:

ROGOS:

1.- Arreglo del Puente del Pedrido

- 2.- *Bachear el camino de Obra de Paño, a la altura de la antigua bloquera. Instar al órgano competente.*
- 3.- *Asfaltado del camino que pasa por detrás del tanatorio de Guísamo.*
- 4.- *Asfaltado del camino que va a la escuela de Carrio.*
- 5.- *Instar a la Diputación para la realización de aceras en Obra de Paño.*
- 6.- *Acondicionamiento de los alrededores de la iglesia de Santa Marta (alto de Santa Marta).*
- 7.- *Arreglo del camino de Aldea de Arriba que desemboca en la carretera de Ferrol.*

PREGUNTAS:

- 1.- *En que fase se encuentra el proyecto de creación de un paso elevado a la altura de la farmacia de Bergondo*
- 2.- *Estado de ejecución del proyecto de la depuradora de Gandarío.*
- 3.- *Situación del proyecto de la plaza pública de guísamo y acuerdo con la administración pública para la señalización vial en el tramo de la carretera ponte do porco-muros, a la altura de la iglesia y guardería en guísamo.*
- 4.- *Proyecto sobre la situación vial en la N-VI, a la altura de Raxas y Cortiñán.*
- 5.- *Situación del plan general de ordenación municipal.*
- 6.- *Arenal de las playas. situación de la regeneración de las playas y dragado de la ria. Recordamos que está aprobado en pleno y no ejecutado.*
- 7.- *Situación del alcantarillado en la urbanización de Baldomir.*
- 8.- *Rio Mayor enLubre.*
- 9.- *Enganche de agua de José Otero Viana. Hace cuatro meses que solicitó dicho enganche.*
- 10.- *Redes secundarias de aldea de arriba ¿cuando se procede a la acometida?.*

Os restantes grupos municipais, non presentan.

A Sra. alcaldesa accidental manifiesta: sendo conscientes de que están presentados con anterioridade ás vinte e catro horas, pero tamén supoñemos que as causas son bastante obxectivas como para que dea resposta nun seguinte Pleno.

o Sr. voceiro do PP, manifesta: pola nosa parte non hai problema ningún, queda constancia das nosas preguntas.

Sra. alcaldesa accidental: téñense por presentadas e daráselles resposta no seguinte Pleno.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas, remátase a sesión, por orde da alcaldesa accidental, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa accidental

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez